



**A Sociedade da Información
nas empresas TIC de Galicia**

Edición 2016

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

Edición 2016

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2016



INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC	7
I.1. Demografía empresarial do sector TIC galego	8
I.2. Emprego no sector TIC	15
I.3. Contribución do sector TIC á economía galega	23
I.4. Certificacións de calidade	28
II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN	30
II.1. Actividades de I+D+i	31
II.2. Innovacións introducidas nos tres últimos anos	34
II.3. Solicitude de patentes	40
III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC	42
III.1. Equipamento tecnolóxico	43
III.2. Sistemas informáticos	46
III.3. Internet	63
III.4. Páxina web	80
III.5. Redes sociais	83
IV. COMERCIO ELECTRÓNICO	88
IV.1. Compras	89
IV.2. Vendas	93
V. FORMACIÓN E AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO TIC	97
V.1. Formación	98
V.2. Axudas para o desenvolvemento TIC	103
VI CONCLUSIÓNS	105
ANEXO	110

INTRODUCCIÓN

Este informe presenta os resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia”, realizada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Este estudo está incluído no [IV Plan Galego de Estatística 2012 – 2016](#) e ten como obxectivo caracterizar o sector empresarial TIC galego, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e polo efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.

Este diagnóstico consolídase así coma [unha fonte de información de referencia](#) sobre o sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións en Galicia. Ademais, os resultados desta análise permitirán:

- Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 no sector TIC.
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído tamén no IV Plan Galego de Estatística 2012 – 2016

O estudo recolle a situación no ano 2016 con respecto a unha serie de indicadores e obxectivos relacionados co sector TIC:

- Caracterización e información económica das empresas TIC.
- Actividades I+D+i, innovacións organizativas, comerciais, de produtos e de procesos TIC.
- Equipamentos TIC, servizos empregados a través de Internet e dispoñibilidade de páxina web e redes sociais.
- Comercio electrónico
- Formación e axudas para o desenvolvemento do uso das TIC.
- Percepción actual e prospectiva de mercado

Este informe complementase con información procedente do IGE e INE, relativa ao número de empresas, emprego e contribución do sector TIC ao PIB galego, inclúe datos evolutivos e proporciona unha perspectiva comparada atendendo ao número de empregados/as, actividade económica e provincia onde está ubicada a sede da empresa.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

O presente estudo sobre a Sociedade da Información en Galicia realizouse entre as empresas TIC galegas atendendo aos criterios metodolóxicos que se expoñen de seguido:

■ **Ámbito:** Galicia.

■ **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos clasificatorios (Manufactureiras, Comerciais, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)¹

■ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.

■ **Tamaño da mostra:** 440 entrevistas a empresas relacionadas coas TIC.


■ **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.

■ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,3\%$.

■ **Traballo de campo:** do 12 de abril ao 26 de xuño de 2016.

¹ No Anexo expónse a información do CNAE 2009 que comprende cada grupo.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC



☞ Incrementábase o número de empresas adicadas ao Sector TIC, chegando ata as 2.331 entidades, un 4% máis que o ano anterior.


☞ Durante o ano 2015 aumentou nun 8,9% o número de traballadores/as do sector TIC en Galicia, acadando os 15.683 traballadores/as.

☞ O volume de negocio superou os 2.453 millóns de euros no ano 2015, un 2,4% máis que o ano anterior.


I.1 Demografía empresarial do sector TIC galego

- ☞ A cifra de empresas galegas TIC durante o 2014 foi de 2.331, fronte ás 2.242 do ano 2013, o que supón un crecemento do 4% respecto ao ano anterior.
- ☞ Este crecemento no volume de empresas TIC prodúcese, especialmente, nas empresas máis pequenas. Así, o 83,5% das empresas TIC galegas ten un máximo de dous empregados/as, 79 empresas máis que o rexistrado o ano anterior neste segmento empresarial.
- ☞ Galicia segue a ocupar a quinta posición a nivel estatal respecto ao número de empresas do ao sector TIC.
- ☞ O 64,8% das empresas TIC galegas desenvolven actividades informáticas.

No ano 2014 o número de empresas TIC en Galicia² experimenta un novo crecemento, alcanzando as 2.331 empresas, e permanecendo en quinta posición respecto ao resto de comunidades autónomas de España.



² Nota metodolóxica: Considérase a seguinte definición do Sector TIC (empregada por INE, Eurostat e OCDE): Manufactureiras TIC (26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40, 26.80), Comerciais TIC (46.51, 46.52), Telecomunicacións (61.10, 61.20, 61.30, 61.90), Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.01, 62.02, 62.03, 62.09, 63.11, 63.12) e outros servizos TIC (Publicacións TIC -58.21 e 58.29- e reparación de ordenadores -95.11, 95.12-).



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE-IGE Ano 2014


Respecto ao ano 2013, o número de empresas do sector TIC de Galicia experimentou un crecemento do 4%, similar ao incremento da media estatal.

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC

Comparación Galicia e España

(nº de empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (España) e IGE (Galicia). Anos 2010-2014

As empresas adicadas á "Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática" (CNAE09 62.0) son as máis numerosas entre as TIC galegas, aumentando un 3,9% respecto ao ano anterior. En segundo lugar, sitúanse as empresas do subsector "Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións", cun crecemento relativo do 1,8%.

C.1. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS DO SECTOR TIC GALEGAS SEGUNDO A ACTIVIDADE CNAE 2009 EVOLUCIÓN ANOS 2011-2014

Actividades CNAE 2009	Número de empresas			
	2011	2012	2013	2014
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	19	12	12	14
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos	58	47	43	41
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións	34	26	23	18
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	3	4	3	5
26.8. Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0	0	0	0
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	366	379	388	395
58.2 Edición de programas informáticos	3	2	8	10
61.1 Telecomunicacións por cable	23	15	13	16
61.2 Telecomunicacións sen fíos	2	7	14	13
61.3 Telecomunicacións por satélite	0	2	3	3
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	129	123	137	145
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1.160	1.223	1.332	1.384
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web	129	130	119	126
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación	287	262	147	161

Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2014


Agrupando segundo grandes grupos en función da actividade CNAE09, amosaremos ao longo do informe a seguinte clasificación:

- Manufactureiras TIC (26.1 26.2, 26.3, 26.4)
- Comerciais TIC (46.5)
- Telecomunicacións (61.1, 61.2, 61.3, 61.9)
- Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.0, 63.1)
- Outros servizos TIC (Edición de programas informáticos -58.2- e reparación de ordenadores -95.1-).

Como xa indicabamos anteriormente, as “Actividades informáticas” aglomeran a maior parte das empresas TIC galegas, en concreto o 64,8%. O segundo sector máis destacado é o Comercial TIC, co 16,9%.

G.3. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA SEGUNDO GRANDES GRUPOS CNAES

(% empresas TIC)




Fonte: elaboracion do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2014

O crecemento que estamos a observar en canto ao volume de empresas TIC, prodúcese especialmente nas empresas máis pequenas, cun máximo de dous traballadores/as, representando o 83,5% e chegando ata ás 1.948 empresas, 79 empresas máis que o ano anterior neste segmento empresarial.

G.4. EMPRESAS DO SECTOR TIC SEGUNDO O NÚMERO DE EMPREGADOS /AS

GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2011-2014

(nº de empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Anos 2011, 2012, 2013 e 2014

Dúas de cada tres empresas TIC galegas son Sociedades ou outras formas xurídicas, representando as Persoas físicas un 32,8%, manténdose practicamente a mesma distribución que na edición anterior.

G.5. CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2014

Un 43,7% das empresas TIC galegas teñen a súa sede na provincia da Coruña, seguida de Pontevedra co 35,6%. En Ourense e Lugo, nun nivel similar, ubícanse en torno a un 7% do total de sedes de empresas TIC galegas.

G.6. UBICACIÓN DA SEDE

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2014

A ubicación dos centros produtivos da empresa indica que a maioría están na nosa Comunidade, destacando o 8,7% de empresas de ámbito estatal que teñen sede en Galicia.

G.7. TIPO DE EMPRESA POLA UBICACIÓN DO CAPITAL E DOS CENTROS PRODUTIVOS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Máis do 90% das empresas TIC galegas non pertencen a un grupo empresarial; soamente o 6,9% intégranse nun grupo de empresas.

G.8. PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I. 2 Emprego no sector TIC

- ☞ Os datos de afiliacións á Seguridade Social en Galicia amosan un crecemento dos traballadores/as inscritos no sector TIC, cun total de 15.683 no ano 2015, o que supón un incremento do 8,9% no último ano. O 79,4% figuran inscritos no réxime xeral de cotización da Seguridade Social (12.446), e o 20,6% no rexíme de traballadores/as autónomos/as (3.237).
- ☞ A proporción de emprego entre homes e mulleres continúa manténdose en dous homes por cada muller traballadora no sector TIC.
- ☞ Máis da metade dos traballadores/as das empresas TIC galegas, o 51,3%, desenvolve o seu traballo en empresas adicadas ás Actividades informáticas.
- ☞ O 37,7% do persoal das empresas TIC posúe algún tipo de titulación de grao superior ou medio relacionada coas TIC. Os empregados/as con ciclos formativos TIC superiores ou medios é dun 27,3%.
- ☞ O 48,7% das empresas TIC sinala que é difícil ou moi difícil contratar persoal con formación específica en TIC, especialmente pola carencia de candidatos/as coa formación precisa.


Os datos de afiliación á Seguridade Social facilitados polo IGE amosan un importante incremento no volume de traballadores/as adicados ao sector TIC, elevándose ata as 15.683 persoas no ano 2015, o que supón un incremento do emprego neste sector do 8,9% no último ano.

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empregados/as do sector TIC

Evolución Galicia 2011-2015

(nº de traballadores / as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

A maioría destes traballadores (79,4%) adscribíense ao réxime xeral de cotización da Seguridade Social (12.446), mentres que o 20,6% restante constitúense como traballadores/as autónomos (3.237).

C.2. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O REXIME DE COTIZACION. ANOS 2011-2015


Ano / Réxime	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Total
Media 2011	12.301	3.554	15.855
Media 2012	12.032	3.442	15.473
Media 2013	11.981	3.331	15.312
Media 2014	11.108	3.292	14.400
Media 2015	12.446	3.237	15.683

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

Cabe destacar que o incremento no número total de traballadores/as prodúcese exclusivamente entre os adscritos ao Réxime Xeral.

A proporción de emprego entre homes e mulleres continúa manténdose en dous homes por cada muller traballadora no sector TIC


G.10. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O SEXO. 2015



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Ano 2015.

No plano territorial, a provincia da Coruña volve a ser a que acolle un maior número de traballadores/as TIC, o 53,3%, mentres que un 31,6% traballan en Pontevedra, un 8,3% en Lugo e un 7% en Ourense.

G.11. EMPREGO NO SECTOR TIC DE GALICIA SEGUNDO A PROVINCIA. AÑO 2015




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Ano 2015

A taxa de afiliacións á Seguridade Social do Sector TIC galego sobre o total de ocupados na nosa Comunidade durante o ano 2015 é dun 1,7%.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

TAXA DE EMPREGO DO SECTOR TIC RESPECTO DO TOTAL DE OCUPADOS/AS ANOS 2011-2015

(% sobre o total de afiliacións a Seguridade Social en Galicia)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

O sector de Actividades Informáticas continúa a ser o que ocupa maiormente aos traballadores/as das empresas TIC galegas, onde traballan máis da metade do total de ocupados do sector. As Telecomunicacións ostentan a segunda posición cun 22,9%.

G.13 DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL DAS EMPRESAS TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

(% sobre o total de traballadores / as das empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

Distribución de funcións e titulacións do persoal nas empresas TIC

O 62,3% dos traballadores/as deste sector TIC en Galicia ocupa un posto relacionado directamente coas tarefas propiamente TIC. Destaca por xénero a diferenza entre homes e mulleres, onde o 49,3% de homes supera amplamente ao 13% de mulleres.

Nos postos directivos tamén se observa unha fenda de xénero, cun 9,5% de homes fronte a un 2,4% de mulleres.

C.3 DISTRIBUCIÓN DAS FUNCIÓNS DOS TRABALLADORES SEGUNDO O XÉNERO


FUNCIÓN DOS TRABALLADORES/AS	SEXO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Dirección	9.5	2.4	11.9
PERSOAL ADICADO Á TAREFAS TIC	49.3	13.0	62.3
PERSOAL NON ADICADO Á TAREFAS TIC	13.7	12.1	25.8

Base: empresas TIC con empregados por conta allea ou propia
Fonte: OSIMGA

O 27,3% dos traballadores/as de empresas TIC posúen titulación TIC de grao superior e un 10,4% titulación TIC de grao medio. O 23,4% dos empregados/as posúe algún tipo de ciclo formativo superior TIC.

G.14 DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES TIC SEGUNDO A SUA FORMACIÓN


(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

A fenda por xénero da formación media ou superior en TIC's é moi significativa, cun 29,2% de homes, triplicando a porcentaxe de mulleres formadas neste tipo de contidos.

G.15 TAXA DE FORMACIÓN MEDIA OU SUPERIOR ESPECÍFICA EN TIC'S
(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


C.4 DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS TITULACIÓNS DE TRABALLADORES / AS

Titulacións	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Titulación TIC Superior (Enxeñaría, Informática, Física ou similar)	20.8	6.5	27.3
Titulación TIC Media (Enseñaría técnica en Informática ou similar)	8.4	2.0	10.4
Titulacións superiores ou medias non TIC	4.8	5.1	9.9
Ciclos formativos superiores no ámbito TIC	19.0	4.4	23.4
Ciclos formativos medios no ámbito TIC	3.2	0.7	3.9
Outras	8.7	5.0	13.8
Descoñece a titulación	7.6	3.6	11.2

Base: total de traballadores / as das empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A presenza de traballadores / as con algún tipo de discapacidade en empresas TIC é dun 4,9%.

G.16. PRESENZA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE




Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia
Fonte: OSIMGA

Demanda de traballadores /as

Para o 48,7% das empresas TIC resulta difícil (35,1%) ou moi difícil (13,6%) poder contratar un persoal coa formación apropiada para o posto TIC a desempeñar.

G.17. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia)



Fonte: OSIMGA

As empresas que posúen maior dificultade para poder contratar persoal especializado son as empresas manufactureiras TIC (62,5% considera difícil ou moi difícil atopar persoal formado en TIC), seguidas das empresas de Telecomunicacións (57,9%)

C.5. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE


Dificultade para atopar o perfil en Tic	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Nunca precisou contratalo	25.0	46.9	21.1	21.6	41.7	28.0
Moi Difícil	12.5	6.1	15.8	14.9	25.0	13.6
Difícil	50.0	30.6	42.1	36.5	16.7	35.1
Doado	12.5	16.3	21.1	23.6	16.7	21.1
Moi doado				3.4		2.1

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia
Fonte: OSIMGA

A maior dificultade á hora de contratar persoal TIC é non atopar candidatos dispoñibles (68,4%). En segundo lugar, un 36,8% das empresas TIC consideran os custos demasiado altos para a contratación de especialistas en TIF.

G.18. TIPO DE DIFICULTADES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia que atopan difícil ou moi difícil contratar novo persoal)



Fonte: OSIMGA

I.3. Contribución do sector TIC á economía galega

- ☞ O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego durante o ano 2014 superou os 1.015 millóns de euros, o 1,8% do PIB total de Galicia.
- ☞ O volume de negocio das empresas TIC superou os 2.453 millóns de euros no ano 2015, cun aumento do 2,4% con respecto ao ano 2014.
- ☞ Un 76,5% do volume de negocio corresponde a clientes galegos, un 17,8% a clientes do resto de España e un 5,7% a clientes internacionais.

Dacordo aos últimos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), o valor engadido bruto (VEB)³ do sector TIC en Galicia supera os 1.015 millóns de euros, que en termos relativos, representa un 1,8% do PIB total de Galicia.


³ **Definición:** Na economía empresarial, o **valor engadido dunha empresa (VEB)** é a diferenza entre o importe das vendas da empresa e as compras feitas a outras empresas sen incluír a depreciación do capital fixo durante o período.

A magnitude, a nivel macroeconómico, o que fai realmente é o sumatorio do valor agregado por todas as empresas dun país. O Valor Engadido Bruto é a macromagnitud económica que mide o valor engadido xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo.

O Valor Engadido Bruto garda unha estreita relación co PIB. O PIB obtense despois de engadirlle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción.

O IGE cambiou a base contable para adaptarse á nova metodoloxía europea (Sistema Europeo de Contas SEC-2010), o que obrigou a refacer as estimacións tanto do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia como das ramas de actividade que o forman. Este é un procedemento habitual en cada cambio de base contable co que se pretende ofrecer unha imaxe fiel da economía e as súas compoñentes.


G.19. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN GALICIA



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

G.20. CONTRIBUCION DO SECTOR TIC A ECONOMIA GALEGA

PORCENTAXE QUE REPRESENTA O VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC NO PIB DE GALICIA



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE


Na comparativa do Valor engadido bruto do sector TIC entre España e Galicia, o valor engadido bruto a nivel estatal no sector TIC supera os 29.701 millóns de euros, o que representa o 2,9% do PIB de España.

C.6. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN MILES DE EUROS

Valor Engadido Bruto	Ano 2010	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013 (provisional)	Ano 2014 (provisional)
Galicia	1.283.364	1.200.929	1.126.337	1.021.7458	1.015.581
España	33.781.276	33.195.119	31.688.547	30.558.879	29.701.933

G.21. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

PORCENTAXE QUE REPRESENTA O VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC NO PIB




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE para Galicia, dos Indicadores do sector TIC que publica o INE para España e da Contabilidade Nacional de España.

A continuación, amósase a evolución do volume de negocio do conxunto das empresas TIC galegas, é dicir, o volume de vendas (sen computar o IVE) acadado polas empresas durante un exercicio anual.

O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.453 millóns de euros no ano 2014, cun aumento do 2,4% con respecto ao ano 2013.

G.22. ESTIMACIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO

(millóns de euros)



Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

A distribución xeográfica do volume de negocio sinala a Galicia como emprazamento principal dos clientes (76,5%). Atendendo á tipoloxía, os clientes principais das empresas TIC galegas son outras empresas (66,7%), seguidas dos particulares (11,6%) e de profesionais (10,5%).

C.7. DISTRIBUCIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2015 SEGUNDO O EMPRAZAMENTO DOS CLIENTES

% de distribución xeográfica da cifra de negocio			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
76.5	17.8	3.0	2.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

C.8. DISTRIBUCIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2015 SEGUNDO O TIPO DE CLIENTES

% de distribución por clientes da cifra de negocio					
Xunta de Galicia	Concellos e deputación galegas	Administración Pública non galega	Empresas	Profesionais	Particulares
4.8	3.5	1.9	66.7	10.5	11.6


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I.4. Certificacións de calidade

- ☞ Durante o 2016, o 9,1% das empresas TIC galegas dispoñía de algún tipo de certificación de calidade, tipo ISO 9001, CMMI o similares.
- ☞ Máis da metade das empresas de 10 ou máis asalariados dispoñen deste tipo de certificacións de calidade.

G.23. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

A maior porcentaxe de certificacións de calidade corresponde ás empresas Manufactureiras TIC, cun 26,7%, seguido das empresas TIC adicadas ás Telecomunicacións cun 18,2%.

C.9. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A ACTIVIDADE

Certificación de calidade	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	26.7	10.7	18.2	7.7	3.1	9.1
Non	73.3	89.3	81.8	92.3	96.9	90.9

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O número de empregados/as é un aspecto que repercute na posesión de certificacións de calidade, xa que algo máis da metade (52%) das empresas con 10 ou máis asalariados/as posúe certificacións de calidade.

C.10. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Certificación de calidade	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	6.5	52.0	9.1
Non	93.5	48.0	90.9

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA


Tendo en conta a ubicación da sede, un 9,3% das empresas TIC das provincias da Coruña e un 7,9% das de Pontevedra posúe algún tipo de certificación de calidade.

C.11. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A PROVINCIA

Certificación de calidade	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	9.3	6.5	2.4	7.9	60.0	9.1
Non	90.7	93.5	97.6	92.1	40.0	90.9

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN



☞ O 25,9% das empresas TIC galegas desenvolveu actividades de I+D+i no período 2013-2015.

☞ Tres de cada catro empresas que realizaron actividades de I+D+i obtiveron resultados comercializables nos últimos tres anos.

☞ O 18,7% das empresas TIC galegas colaboraron con outras empresas para realizar actividades de innovación.

II.1. Actividades de I+D+i


- ☞ Unha de cada catro empresas TIC galegas (o 25,9%) realizou actividades I+D+i nos tres últimos anos.
- ☞ O 74,7% obtivo resultados comercializables nestes 3 últimos anos.

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que realizaron actividades de I+D+i nos tres últimos anos

Evolución Galicia

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

O interese polas actividades de I+D+i é dispar segundo o tipo de actividade da empresa. As empresas manufactureiras destacan na realización de actividades de I+D+i. Noutro extremo, sitúanse as empresas dedicadas á actividade de Comercio TIC.

C.12. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A ACTIVIDADE

Actividades I+D+i no período 2013-2015	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	53.3	10.7	30.3	29.5	12.5	25.9
Non	46.7	89.3	69.7	70.5	87.5	74.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Obsérvase unha clara repercusión do tamaño da empresa á hora realizar actividades I+D+i, cun 68% entre as empresas de máis de 10 traballadores/as fronte ao 23,4% en empresas de menor tamaño.

C.13. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Actividades I+D+i no período 2013-2015	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	23.4	68.0	25.9
Non	76.6	32.0	74.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Obsérvase que as empresas TIC con sede nas provincias de Ourense ou Lugo acadan valores superiores á media.

C.14. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A PROVINCIA

Actividades I+D+i no período 2013-2015	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	24.4	28.3	17.5	29.1	30.0	25.9
Non	75.6	71.7	82.5	70.9	70.0	74.1


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Tres de cada catro empresas que realizaron actividades de Investigación, desenvolvemento e innovación, obtiveron resultados comercializables nos últimos 3 anos.

G.25. OBTENCION DE RESULTADOS COMERCIALIZABLES

Obtivo resultados comercializables I+D+i nos tres últimos anos

(% empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i)



Fonte: OSIMGA

Respecto á fenda de xénero existente neste ámbito, repródúcese, dun xeito máis acusado, o patrón que se observa no conxunto do sector TIC, cunha proporción masculina de 86,7% fronte a unha feminina do 13,3%.

C.15. MEDIA DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

	XÉNERO (Nº MEDIO)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	1.38	0.26	1.65

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

C.16. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	86.7	13.3	100.0


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

II.2. Innovacións introducidas nos últimos tres anos

- ☞ Durante o período 2013-2015, un 27,3% de empresas TIC galegas introduciron innovacións nos seus bens e un 33,3% incorporou servizos novos ou mellorados.
- ☞ As principais innovacións das empresas TIC en Galicia foron as actividades de apoio para os procesos das propias empresas (60,8%) e os sistemas de mantemento ou operacións informáticas (50,3%).
- ☞ A cooperación ou colaboración con outras empresas en materia de innovación foi do 18,7%, especialmente con empresas ubicadas en España (93,6%).


A introdución de bens novos ou mellorados de xeito significativo durante o período 2013-2015, é dun 27,3%, mentres que os servizos innovadores acadaron o 33,3%.

G.26. INTRODUCCIÓN DE BENS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2013-2015



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.27. INTRODUCCIÓN DE SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2013-2015




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas relacionadas coas actividades de Telecomunicacións son as que, en maior medida, innovaron en bens e servizos novos ou mellorados ao longo do período 2013-2015.

G.28. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2013-2015 SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


Os procesos de innovación gardan unha relación directa co tamaño da empresa. Se ben, apenas existen diferenzas se consideramos a localización das empresas; con todo, rexístrase unha vantaxe destacable en Pontevedra, onde existe unha maior porcentaxe de servizos novos e mellorados, cun 37,1%, respecto das empresas da Coruña cun 29,4%.

**G.29. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA
SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2013-2015 SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS**
(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


**G.30. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA
SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2013-2015 SEGUNDO A PROVINCIA**
(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Das innovacións introducidas no período 2013-2015, máis da metade das empresas TIC (un 55,4%) innovaron unicamente para a propia empresa, fronte ao 44,6% que introduciron novidades no seu mercado.

G.31. INNOVACIÓNS INTRODUCIDAS NO PERÍODO 2013-2015



Fonte: OSIMGA

As principais innovacións durante o período 2013-2015 foron as actividades de apoio para procesos concretos das empresas, como son os sistemas de mantemento ou operacións informáticas de compra ou de contabilidade (60,8%), seguidas dos sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou o intercambio de información (50,3%).

C.17. TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS

TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS MELLORADOS	SI	NON
Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos	32.2	67.8
Sistemas loxísticos ou métodos de entrega ou distribución	13.4	86.6
Actividades de apoio para os seus procesos, como sistemas de mantemento ou operacións informáticas, de compra ou de contabilidade	60.8	39.2
Sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou o intercambio de información, coñecementos e competencias dentro da súa empresa	50.3	49.7
Na organización do traballo e na estrutura de xestión así como na integración de distintos departamentos ou actividades	47.8	52.2
Nas súas relacións con outras empresas ou institucións públicas por exemplo, mediante alianzas, asociación, externalización ou subcontratación	35.2	64.8


Base: empresas TIC que introduciron bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa no período 2013-2015

Fonte: OSIMGA

A cooperación ou colaboración con outras empresas coa finalidade de innovar aumentou lixeiramente respecto á edición anterior (3 puntos porcentuais).

G.32. EVOLUCION DO INDICADOR

Cooperacións das empresas TIC nalgunha actividade de innovación con outras compañías ou entidades no período 2013-2015



Fonte: OSIMGA

Esta cooperación ou colaboración interempresarial varía sustancialmente dependendo da actividade das empresas TIC. De feito, obsérvanse diferenzas considerables por sector, cun 40% de empresas Manufactureiras que colaboraron fronte ao 6,1% das empresas de Telecomunicacións.

C.18. COOPERACIÓN DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Cooperaron no período 2013-2015 con outras compañías ou entidades	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	40.0	8.0	6.1	22.8	12.5	18.7
Non	60.0	92.0	93.9	77.2	87.5	81.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa volve a ser un aspecto importante, as empresas de maior volume de persoal cooperaron con outras empresas nun 48% fronte ao 17,1% das empresas de menos traballadores / as.

C.19. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Cooperaron no período 2013-2015 con outras compañías ou entidades	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
Si	17.1	48.0	18.7
Non	82.9	52.0	81.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Esta colaboración con outras compañías ou entidades prodúcese máis frecuentemente con socios nacionais, incrementándose uns 6,6 puntos porcentuais respecto ao ano pasado.

Tamén se incrementa a colaboración con compañías ou entidades europeas de xeito relavante, con case dez puntos máis respecto ao ano anterior.

C.20. LOCALIZACIÓN DO PAÍS DO/S SOCIO/S

PAÍS ONDE ESTÁ UBICADO O/S SOCIO/S	2013	2014	2015	2016
España	95,7	90,0	87,0	93.6
Outro país de la UE	10,5	14,8	4,7	14.6
EEUU	3,7	5,9	5,7	6.3
Os demais países	6,8	6,7	14,1	10.7

Base: empresas TIC que cooperaron con actividades de innovación con outras compañías ou entidades
Fonte: OSIMGA

II.3. Solicitud de patentes


👉 Unha de cada dez empresas TIC galegas ten rexistrada unha marca.

No período 2012-2016 obsérvase unha clara predominancia na solicitude de marcas (9,9%) e de dereitos de autor (3,9%), sobre outros tipos de dereitos de propiedade intelectual ou industrial existentes.

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Solicitud doutro tipo de dereitos de propiedade intelectual e industrial

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


O tamaño da empresa repercute novamente de xeito directo sobre o número de solicitudes de dereitos de propiedade intelectual e industrial, como por exemplo na porcentaxe de empresas de 10 ou máis traballadores / as que fixeron solicitude de marcas (28%) ou patentes (12%).

C.21. SOLICITUDE DOUTRO TIPO DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

OUTROS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Patente	1.0	12.0	1.7
Algún debuxo ou modelo industrial	1.2	4.0	1.3
Algunha marca	8.9	28.0	9.9
Dereitos de autor	3.6	8.0	3.9

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC

- 
- ➡ Continúan a incrementarse os envíos de facturas electrónicas, acadando o 36,4%, 3,7 puntos máis que o ano anterior.
 - ➡ Medra o emprego de servizos baseados en Cloud ata o 42,2%, cun incremento de 2,6 puntos porcentuais no último ano.
 - ➡ Increméntase a porcentaxe de empresas que contratan velocidades de Internet superiores a 100 Mbps dun 30,7% no ano 2015 ata o 38,3% e rexístrase un aumento significativo da banda larga móbil e da fibra óptica.
 - ➡ Aumenta a interacción das empresas TIC coas Administracións Públicas a través da Rede, pasando dun 61,7% no ano anterior a un 67,9%
 - ➡ Continúa o avance da presenza activa das empresas TIC nas redes sociais, acadando o 39,2%. Isto respresenta un incremento de 2,5 puntos. O 21,8% das empresas TIC que aínda non están nas redes sociais, prevé incorporarse proximamente


III. 1. Equipamento Tecnolóxico

☞ A telefonía móbil para uso empresarial consolídase como un equipamento imprescindible e moi presente nas empresas TIC galegas (84,3%), seguido de preto pola rede de área local (LAN) cun 84,2% e a rede de área local sen fíos (82,9%). Rexístrase un aumento xeralizado no equipamento tecnolóxico presente nas empresas TIC.

G.34. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Equipamentos en TIC

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

A telefonía móbil para uso empresarial, o equipamento máis presente nas empresas TIC, destaca especialmente nas empresas Comerciais, onde acada un 92,1%. A rede de área local (LAN) está moito máis estendida en empresas manufactureiras, acadando o 88,1%.

C.22. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sistema operativo de código libre-linux	55.4	24.8	43.0	56.6	49.8	50.0
Rede de área local	88.1	84.2	83.4	84.9	77.1	84.2
Rede de área local sen fíos	80.7	81.6	66.3	85.8	78.1	82.9
Servidores para bases de datos	83.3	75.7	74.7	73.5	65.2	73.7
Intranet corporativo	38.8	35.5	45.9	39.5	23.4	38.1
Extranet	32.7	14.1	38.7	26.3	13.0	24.6
Videoconferencia	59.8	32.8	45.9	54.5	43.4	49.8
Telefonía móbil para uso empresarial	83.0	92.1	82.6	83.0	81.0	84.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O número de traballadores é un factor con clara influencia na dispoñibilidade de equipamento TIC. Así a totalidade das empresas de 10 ou máis traballadores/as posúen rede de área local ou servidores para bases de datos. A telefonía móbil para uso empresarial acada o 91,6% nestas empresas. Non obstante, máis do 80% das microempresas TIC contan con: telefonía móbil para uso empresarial, rede de área local e rede de área local sen fíos.

C.23. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Sistema operativo de código libre-linux	48.8	68.7	50.0
Rede de área local	83.3	100.0	84.2
Rede de área local sen fíos	82.9	83.5	82.9
Servidores para bases de datos	72.1	100.0	73.7
Intranet corporativo	35.8	76.4	38.1
Extranet	22.7	55.9	24.6
Videoconferencia	47.8	81.8	49.8
Telefonía móbil para uso empresarial	83.8	91.6	84.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A localización das empresas incide especialmente no elevado uso de telefonía móbil empresarial e a Intranet corporativa entre as que posúen sede fóra de Galicia.

C.24. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A PROVINCIA

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sistema operativo de código libre-linux	52.1	43.0	49.3	50.4	38.6	50.0
Rede de área local	81.9	76.1	80.1	90.6	89.1	84.2
Rede de área local sen fíos	81.4	89.9	75.1	86.8	57.5	82.9
Servidores para bases de datos	70.1	73.9	64.5	80.3	81.0	73.7
Intranet corporativa	34.9	34.3	35.8	41.9	69.8	38.1
Extranet	22.9	11.5	15.6	31.2	52.5	24.6
Videoconferencia	47.9	38.5	51.7	53.4	75.1	49.8
Telefonía móbil para uso empresarial	79.7	87.5	88.6	87.1	97.6	84.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

III. 2. Sistemas informáticos


- ☞ O 30,7% das empresas TIC galegas emprega o teletraballo, 3,8 puntos porcentuais máis que o ano anterior.
- ☞ As ferramentas informáticas para a xestión de clientes e provedores continúan sendo as máis empregadas entre as empresas TIC galegas, pasando dun 70,1% no ano 2015 a un 71,2% no año 2016.
- ☞ O 30,6% das empresas TIC galegas realiza intercambio de datos de forma electrónica e automatizada, a maioría referidas ao envío de instrucións de pago a entidades bancarias.
- ☞ Continúan a incrementarse os envíos de facturas electrónicas, acadando o 36,4%. Supón un incremento de 3,7 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.
- ☞ Aumenta a dispoñibilidade de aplicacións ERP ata o 25,7%, mentras que o 24,6% das empresas TIC galegas fan uso de ferramentas CRM.
- ☞ Medra o emprego de servizos baseados en tecnoloxías Cloud ata o 42,2%, representando un incremento de 2,6 puntos porcentuais no último ano, especialmente o Software como Servizo (SaaS), tales como Google Apps Bussiness, Office 365, Salesforce.com, Dropbox, etc. Tamén aumenta a porcentaxe de empresas TIC con Cloud Computing que oferta servizos baseados nesta tecnoloxía.

A porcentaxe de empresas TIC que conta con empregados que teletraballan experimentou un aumento significativo de 3,8 puntos porcentuais no último ano.

G.35. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas TIC con empregados/as que teletraballan

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas que realizan actividades informáticas (34,4%) ou as manufactureiras (33,3%) son as que optan en maior medida polo teletraballo.

G.36. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Á hora de analizar o teletraballo nas empresas TIC, sen dúbida o tamaño é un aspecto a considerar, xa que nas empresas de 10 ou máis asalariados/as o crecemento foi moito máis acusado que nas microempresas TIC, ao pasar dun 46,4% no ano 2015 ao 60% no ano 2016.

G.37. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS/AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Entre as empresas TIC con sede en Galicia, as empresas de Pontevedra, cun 37,1% son as que en maior medida empregan o teletraballo. Por outra banda, a metade das empresas TIC optan polo teletraballo.

G.38. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O lugar que sen dúbida se reafirma como localización para realizar o teletraballo é o propio domicilio, no 84,6% das empresas que practican esta modalidade.

G.39. LUGAR DE ACCESO AO TELETRABALLO

(% empresas TIC que teñen empregados / as que teletraballan)




Fonte: OSIMGA

As ferramentas para a xestión de clientes e provedores continúan sendo as máis empregadas entre as empresas TIC galegas, pasando dun 70,1% no ano 2015 a un 71,2% na actualidade. Nun segundo lugar, sitúase as ferramentas informáticas para a xestión administrativa de vendas e compras e, en terceiro lugar, as relativas á xestión contable e financeira.

G.40. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas relacionadas con actividades Comerciais TIC son as que fan maior uso de ferramentas de xestión de clientes e provedores, no 88% dos casos, ademais de empregar tamén na mesma proporción as aplicacións ou programas de xestión administrativa de vendas e compras.

C.25. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Xestión contable e financeira	73.3	70.7	75.8	59.3	53.1	62.4
Xestión administrativa de vendas e compras	80.0	88.0	78.8	58.2	68.8	66.5
Xestión de clientes e provedores	80.0	88.0	87.9	63.9	71.9	71.2
Xestión de produción	46.7	32.0	42.4	34.0	34.4	34.8
Xestión de loxística	60.0	50.7	51.5	16.5	31.3	27.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Analizando o tamaño da empresa, novamente destacan as empresas máis grandes no uso das distintas ferramentas informáticas citadas.

C.26. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS /AS

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Xestión contable e financeira	60.7	92.0	62.4
Xestión administrativa de vendas e compras	65.5	80.0	66.5
Xestión de clientes e provedores	69.6	96.0	71.2
Xestión de produción	32.5	72.0	34.8
Xestión de loxística	26.3	48.0	27.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Centrándose nas empresas con sede en Galicia, nas empresas situadas en Lugo destaca o uso de ferramentas de xestión contable e financeira, xestión administrativa de vendas e compras, a xestión de clientes e provedores e a loxística. Na provincia de Pontevedra destaca o uso de ferramentas relacionadas coa xestión de produción.


C.27. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Xestión contable e financeira	53.6	71.1	62.5	70.0	80.0	62.4
Xestión administrativa de vendas e compras	61.1	71.7	67.5	70.9	70.0	66.5
Xestión de clientes e provedores	64.9	86.7	70.0	74.8	72.7	71.2
Xestión de produción	35.1	32.6	30.0	35.3	50.0	34.8
Xestión de loxística	23.2	31.1	27.5	30.0	50.0	27.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA


Incrementéntase lixeiramente a porcentaxe de empresas que realizaron algún intercambio automatizado de datos, ben por Internet, ben a través de redes telemáticas, pasando do 30,4% do ano anterior ao 30,6%. Obviamente destacan especialmente as empresas adicadas ás telecomunicacións.

G.41. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA


G.42. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE



Fonte: OSIMGA

As importantes diferenzas segundo o número de empregados/as é un indicio de que o intercambio automatizado de datos é habitual nas empresas grandes pero que aínda está a implantarse nas de menor tamaño.

G.43. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS




Fonte: OSIMGA

Cabe destacar tamén as diferenzas en función da provincia onde a empresa teña ubicada a súa sede principal. Obsérvase que o intercambio automatizado está estendido entre as empresas con sede fóra de Galicia.

G.44. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Dentro das posibles tipoloxías de intercambio automatizado de datos, destaca o envío de instrucións de pagos a entidades bancarias.

G.45. TIPOLOXÍAS DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS

(% empresas TIC que intercambiaron automatizadamente datos)



Fonte: OSIMGA

Cómpre lembrar que este intercambio de datos pode facerse a través de Internet ou doutras redes telemáticas que permitan o seu procesamento, quedando excluídos os correos electrónicos escritos de xeito manual. Neste sentido, as empresas de Telecomunicacións son as que fan maior uso de mensaxes automatizadas relacionadas cos produtos, e tamén as que rexistran a maior porcentaxe de envío de instrucións de pago a entidades bancarias.

C.28. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Envío ou recepción de información sobre produtos	80.0	66.7	100.0	65.3	66.7	69.4
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío, entregas	80.0	66.7	84.6	49.0	66.7	56.9
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	60.0	68.4	92.3	85.4	100.0	83.2
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	60.0	44.4	66.7	66.7	66.7	63.4

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos

Fonte: OSIMGA

As empresas de menor tamaño que realizan intercambio automatizado de datos decántanse en maior medida que as grandes empresas polo envío datos sobre os seus produtos e o envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío e entregas.

C.29. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS


Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Envío ou recepción de información sobre produtos	70.1	66.7	69.4
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío, entregas	57.3	50.0	56.9
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	82.8	88.9	83.2
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	61.5	76.5	63.4

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos

Fonte: OSIMGA

O envío de facturas electrónicas continúa ascendendo, chegando ata o 36,4%. Supón un aumento de 3,7 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. A recepción tamén se incrementa en 3,1 puntos no último ano, acadando o 30,9%.


G.46. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Envío e recepción de facturas electrónicas
(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas manufactureiras TIC destacan pola frecuencia de envío de facturas electrónicas cun 46,7%, mentres que na recepción de facturas sobresaen as Comerciais, cun 45,3%.

G.47. ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS
(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As diferenzas por tamaño de empresa son máis significativas no envío de facturas electrónicas, con 33,5 puntos porcentuais de diferenza entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as e as microempresas, fronte á diferenza de 18,1 puntos da recepción de facturas electrónicas.

G.48. ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade de ferramentas de tipo ERP, para compartir información sobre compras e vendas, volve experimentar un incremento, chegando ata o 25,7%. Con todo, as ferramentas CRM, de xestión de información de clientes para fins comerciais ou de márketing, descendeu durante o último ano ata o 24,6%.

G.49. EVOLUCIÓN DO INDICADOR Dispoñibilidade de ferramentas informáticas

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As actividades manufactureiras TIC dispoñen en maior medida de ferramentas tipo ERP, fronte ás de Telecomunicacións, que destacan polo uso das ferramentas CRM.

G.50. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As diferenzas das magnitudes de utilización do ERP e CRM entre as empresas de 10 e máis empregados/as e as microempresas son relevantes, con fendas ao redor dos 50 puntos porcentuais.

G.51. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Séguese a reafirmar o uso de servizos de tecnoloxías Cloud, que permiten un acceso a datos a través da Rede mediante recursos compartidos e configurables, cunha porcentaxe do 42,2%. Supón un incremento de 2,6 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, e un total de 9,2 respecto ao ano 2013.

G.52. EVOLUCION DO INDICADOR

Emprego de servizos Cloud Computing


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas de actividade Manufactureira TIC e as adicadas a Actividades Informáticas optan en maior medida polo emprego de servizos Cloud Computing.

G.53. EMPREGO DE SERVICIOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE




Fonte: OSIMGA

De novo o tamaño das empresas é un aspecto a considerar no uso dos servizos de Cloud Computing, salientando que en ambos os dous segmentos empresariais a evolución é moi positiva, aínda que as diferenzas son de 36 puntos porcentuais.

G.54. EMPREGO DE SERVIZOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas TIC ubicadas nas provincias de Pontevedra (46%) e da Coruña (40,2%) son as que realizan un maior uso de servizos Cloud Computing, aínda que a considerable distancia das empresas galegas con sede fóra de Galicia.

G.55. EMPREGO DE SERVIZOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O software entendido como servizo (as chamadas Google Apps Bussiness, Office 365, Salesforce.com, Dropbox, etc.) é, sen lugar a dúbida, o servizo Cloud que máis empregan as empresas TIC galegas.

G.56. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD EMPREGADO

(% empresas TIC que empregan servizos Cloud)



Fonte: OSIMGA

Todas as modalidades de Cloud Computing, agás os Outros Servizos, son máis empregadas en empresas de 10 ou máis asalariados/as que nas microempresas.

C.30. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS / AS

Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Infraestrutura como Servizo (IaaS)	35.4	56.6	37.6
Plataforma como Servizo (PaaS)	21.4	34.6	22.8
Software como Servizo (SaaS)	68.5	76.4	69.3
Outros servizos	34.8	33.6	34.7

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o ámbito xeográfico, as empresas TIC ourensanas destacan polo uso de Infraestrutura como Servizo (IaaS), e de Plataforma como Servizo (PaaS), mentres que as empresas da Coruña destacan polo seu maior emprego de Cloud en Software como Servizos (SaaS).


C.31. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD SEGUNDO A PROVINCIA

Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Infraestrutura como Servizo (IaaS)	40.2	25.2	45.1	35.2	44.9	37.6
Plataforma como Servizo (PaaS)	26.4	9.3	26.5	19.0	43.4	22.8
Software como Servizo (SaaS)	69.5	76.7	63.7	67.8	75.7	69.3
Outros servizos	33.7	35.3	39.8	35.4	26.1	34.7

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

Máis da metade das empresas TIC que empregan servizos Cloud ofrece algún tipo de produtos ou servizos tamén baseados nesa tecnoloxía (no ano anterior era dun 44,9%). A cifra de negocio tamén medra respecto ao ano pasado, dun 27,3% ata 31,9%.

G.57. OFERTA DE PRODUTOS OU SERVIZOS BASEADOS EN TECNOLOXÍAS CLOUD



Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

Cifra de negocio xerada por produtos e servizos Cloud:
31,9%

III. 3. Internet


- ☞ A Banda larga móbil UMTS xa ocupa un lugar privilexiado como tecnoloxía principal de acceso, acadando un 42,7%. Non obstante, o dato máis salientable é que se duplicou a porcentaxe de empresas TIC conectadas a Internet a través de fibra óptica.
- ☞ A velocidade de conexión increméntase considerablemente respecto do último ano, aumentando a porcentaxe de empresas TIC que teñen contratadas velocidades superiores a 100 Mbps, dun 30,7% a un 38,3%.
- ☞ O 17,3%% das empresas TIC galegas encargou algún desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles.
- ☞ Un 28% das empresas TIC ofrecen desenvolvementos específicos de software para plataformas móbiles, 2,8 puntos máis que no ano anterior, o que representa un 19,1% da súa cifra de negocio.
- ☞ Aumenta a interacción das empresas TIC coas Administracións Públicas a través da Rede, pasando dun 61,7% no ano anterior a un 67,9%.
- ☞ Continúa o aumento da sinatura dixital (52,3%), especialmente para relacionarse dalgún xeito coas Administracións Públicas

Da totalidade de empresas galegas TIC, o tipo de conexión máis destacada é o ADSL, tecnoloxía á que recurren o 46,7% delas, aínda que nesta edición obsérvase como a tecnoloxía de Banda larga móbil UMTS xa ocupa un lugar privilexiado como tecnoloxía principal de acceso, chegando a un 42,7%. Non obstante, o dato máis salientable é que se duplicou a porcentaxe de empresas TIC conectadas a Internet a través de fibra óptica.

G.58. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Tecnoloxía principal contratada de acceso a Internet

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

A tecnoloxía de acceso a Internet difire sustancialmente segundo a actividade das empresas TIC, xa que no caso de empresas de Telecomunicacións a porcentaxe de uso de Banda larga móbil é superior ao de ADSL, mentres que nas Comerciais predomina o ADSL como modo de acceso máis frecuente. A fibra óptica está especialmente estendido nas empresas de telecomunicacións.

C.32. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Telefónica básica e módem	5.6			0.8		0.7
RDSI	7.5	7.9	11.6	2.7	8.1	4.8
ADSL	51.6	55.3	33.7	45.1	51.0	46.7
CABLE	31.0	18.8	32.3	31.8	33.1	29.7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	48.0	34.5	45.0	44.4	41.8	42.7
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	38.4	35.4	41.6	27.9	15.3	29.6
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	28.7	15.9	40.8	19.5	14.6	20.4
Banda larga vía satélite	7.5	2.0	5.1	0.8	1.2	1.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa tamén amosa a maior implantación de tecnoloxías como o ADSL, a banda larga móbil ou a fibra óptica nas empresas de 10 ou máis traballadores / as que nas microempresas.

C.33. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Telefónica básica e módem	0.7		0.7
RDSI	4.1	16.5	4.8
ADSL	45.5	65.7	46.7
CABLE	29.2	37.6	29.7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	41.8	57.4	42.7
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	28.3	51.2	29.6
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	19.0	45.0	20.4
Banda larga vía satélite	1.3	5.3	1.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

É destacable o feito de que as empresas TIC ubicadas en Lugo e Pontevedra optan en maior medida polo uso do ADSL para acceder a Internet, mentres que as ubicadas na provincia de Ourense destacan polo seu uso de banda larga móbil e de fibra óptica.


C.34. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Telefónica básica e módem	1.6					0.7
RDSI	5.2	4.8		5.2	12.7	4.8
ADSL	43.5	51.5	35.5	51.0	64.6	46.7
CABLE	36.0	17.0	30.5	26.1	17.2	29.7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	39.0	38.5	47.0	44.4	89.5	42.7
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	26.6	24.8	40.1	29.6	66.7	29.6
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	20.9	16.7	12.2	19.8	69.5	20.4
Banda larga vía satélite	1.3			2.4	7.7	1.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 98,3% do empresariado TIC galego dispón de banda larga, aumentado 0,7 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

G.59. CONTRATACIÓN DA BANDA LARGA



Base: empresas TIC


Fonte: OSIMGA

Nota: Considérase banda larga á conexión a Internet realizada a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

O 38,3% das empresas galegas conéctanse a Internet a través de velocidades superiores a 100 Mbps, 7,6 puntos máis que no ano anterior.

G.60. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Nos sectores de Actividades Informáticas ou Telecomunicacións destacan maiormente as velocidades superiores a 100 Mbps.

C.35. VELOCIDADE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Velocidade de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Menos de 1 Mbps	6.3			0.7		0.7
De 1 Mbps ata 2 Mbps	6.3					0.3
De 2 Mbps ata 10 Mbps	37.5	18.7	18.2	16.2	25.0	18.0
De 10 Mbps ata 30 Mbps	25.0	21.3	18.2	21.1	34.4	21.8
De 30 Mbps a 100 Mbps	12.5	25.3	18.2	20.8	15.6	20.8
Máis de 100 Mbps	12.5	34.7	45.5	41.2	25.0	38.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Nas empresas TIC máis grandes obsérvanse velocidades de contratación superiores ás microempresas, especialmente entre as que contan con máis de 100 Mbps.

C.36. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

Velocidade de acceso a Internet	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
Menos de 1 Mbps	0.7		0.7
De 1 Mbps ata 2 Mbps	0.2		0.3
De 2 Mbps ata 10 Mbps	18.8	4.0	18.0
De 10 Mbps ata 30 Mbps	22.5	12.0	21.8
De 30 Mbps ata 100 Mbps	21.3	16.0	20.8
Máis de 100 Mbps	36.5	68.0	38.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A consideración da provincia indica que as empresas ubicadas en Ourense (46,3%) destacan por contratar velocidades de máis de 100 Mbps con maior frecuencia que no resto das empresas con sede en Galicia.

C.37. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA


Velocidade de acceso a Internet	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Menos de 1 Mbps	1.5					0.7
De 1 Mbps ata 2 Mbps	0.5					0.3
De 2 Mbps ata 10 Mbps	17.0	28.9	12.2	18.0	10.0	18.0
De 10 Mbps ata 30 Mbps	18.0	22.2	29.3	25.3	10.0	21.8
De 30 ata 100 Mbps	20.6	22.2	12.2	23.3	20.0	20.8
Máis de 100 Mbps	42.3	26.7	46.3	33.3	60.0	38.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Aumenta por segundo ano consecutivo o uso dalgún tipo de aplicativos en plataformas móbiles, representando unha diferenza de 7,4 puntos porcentuais respecto ao ano 2014.

G.61. EVOLUCION DO INDICADOR

Emprego de aplicativos en plataformas móbiles



Fonte: OSIMGA

O uso deste tipo aplicativos en plataformas móbiles é máis significativo entre as empresas TIC adicadas a actividades informáticas, cun 67,4%.

C.38. EMPREGO DE APLICATIVOS EN PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de aplicativos en plataformas móbiles	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	60.0	56.0	63.6	67.4	56.3	63.9
Non	40.0	44.0	36.4	32.6	43.8	36.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A diferenza respecto do uso de aplicativos en plataformas móbiles segundo o tamaño da empresa é significativa, cunha fenda de 17,1 puntos entre as empresas de 10 ou máis asalariados/as e as microempresas.

C.39. EMPREGO DE APLICATIVOS EN PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS


Emprego de aplicativos en plataformas móbiles	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
SI	62.9	80.0	63.9
Non	37.1	20.0	36.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 17,3% das empresas adicadas ás TIC encargou algún desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles, reducíndose o indicador lixeiramente respecto ao ano 2015.

G.62. EVOLUCION DO INDICADOR

Encargaron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles



Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o sector donde desenvolve a súa actividade a empresa TIC consultada, as Manufactureiras destacan por encargar en maior medida desenvolvementos de software específico para plataformas móbiles.

C.40. ENCARGARON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Software para plataformas móbiles	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	26.7	16.0	18.2	18.2	6.3	17.3
Non	73.3	84.0	81.8	81.8	93.8	82.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Pola súa banda, as empresas de maior tamaño encargaron con maior frecuencia software para plataformas móbiles, máis do dobre que o valor rexistrado nas microempresas.

C.41. ENCARGARON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS


Software para plataformas móbiles	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
SI	16.1	36.0	17.3
Non	83.9	64.0	82.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 28% das empresas galegas TIC ofrece desenvolvementos específicos de software para plataformas móbiles, 2,8 puntos máis que o ano anterior, aumentando ata o 32,1% nas adicadas ás actividades informáticas.

G.63. EVOLUCION DO INDICADOR

Ofreceron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles



Fonte: OSIMGA

C.42. OFRECERON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Software para plataformas móbiles	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	26.7	12.0	9.1	35.1	25.0	28.0
Non	73.3	88.0	90.9	64.9	75.0	72.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas de 10 ou máis asalariados/as destacan, novamente, en relación á oferta deste tipo de desenvolvemento software para plataformas móbiles, co 36% fronte ao 27,7% das microempresas.

C.43. OFRECERON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Software para plataformas móbiles	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
SI	27.7	36.0	28.0
Non	72.3	64.0	72.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA


Pola súa banda, e relacionado coa provincia onde se ubica a entidade empresarial, destacar as que contan coa súa sede en Ourense por ofrecer desenvolvemento específico de Software para plataformas móbiles en maior medida, nun 32,5% dos casos, destacando por riba das empresas ubicadas nas restantes provincias.

C.44. OFRECERON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A PROVINCIA

Software para plataformas móbiles	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	27.8	26.7	32.5	27.8	30.0	28.0
Non	72.2	73.3	67.5	72.2	70.0	72.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A cifra de negocio xerada polo desenvolvemento de software para plataformas móbiles experimenta un ascenso de 3 puntos porcentuais, amosando unha liña de negocio de crecente importancia para as empresas TIC que ofertan este tipo de servizos.




Utilización e servizos empregados en Internet

Tras a lixeira inflexión experimentada en 2014, segue a incrementarse o uso da eAdministración, acadando ao 67,9% das empresas TIC e aumentando 6,2 puntos porcentuais respecto ao ano 2015.

G.64. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Interacción coas Administracións Públicas

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas manufactureiras xunto coas comerciais TIC son, cun 73,3% e un 70,7% respectivamente, as que en maior medida interactúan coas Administracións Públicas a través de Internet.

C.45. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Interacción coas administracións públicas	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	73.3	70.7	66.7	68.8	56.3	67.9
Non	26.7	29.3	33.3	31.2	43.8	32.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Novamente o tamaño da empresa resulta un factor determinante neste indicador, xa que nas empresas de maior tamaño a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet representa un 92% fronte ao 66,5% das microempresas.

C.46. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Interacción coas administracións públicas	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados /as	
Sí	66.5	92.0	67.9
Non	33.5	8.0	32.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

No plano territorial, as empresas TIC ubicadas nas provincias de Lugo e Ourense, cun 80% en ambos casos, son as que practican unha maior interacción Administracións Públicas a través de Internet.

C.47. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Interacción coas administracións públicas	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sí	60.3	80.0	80.0	70.2	80.0	67.9
Non	39.7	20.0	20.0	29.8	20.0	32.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Entre as xestións principais de interacción coas Administracións Públicas cabe salientar a obtención de información e a obtención de impresos ou formularios.

C.48. INTERACCIÓN A TRAVÉS DE INTERNET COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

TIPO DE INTERACCIÓN	Si (%)	Administracións (% sobre as empresas que interactuaron coas AAPP para...)			
		Xunta de Galicia	Admon	Xeral do Estado	Concellos
Para obter información	59.9	78.0		83.5	48.6
Para obter impresos e formularios	51.8	73.0		84.4	41.4
Para devolver impresos cumprimentados	47.9	66.4		85.5	36.4
Para a xestión electrónica completa	42.9	51.3		80.1	18.3
Para presentar unha proposta comercial a licitación pública	8.7	73.1		70.0	48.3
Base: empresas TIC Fonte: OSIMGA		Base: empresas TIC que interactuaron coas AAPP Fonte: OSIMGA			

A procura de información en xeral e o uso de servizos bancarios ou financeiros son os servizos máis empregados polas empresas TIC galegas a través de Internet.


C.49. SERVIZOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET

SERVIZOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET	SI	NON
Busca de información en xeral	97.2	2.8
Servizos bancarios e financeiros	95.4	4.6
Servizos de transporte e aloxamento	69.3	30.7
Formación e aprendizaxe	70.4	29.6
Para observar o comportamento do mercado	64.3	35.7
Obtención de servizos post-venda	57.9	42.1
Busca de persoal	39.5	60.5
Para facer publicidade da súa empresa	58.4	41.6
Para operar nalgún marketplace	26.4	73.6
Base: empresas TIC Fonte: OSIMGA		

Continúa o aumento da sinatural dixital (un 52,3%) especialmente para relacionarse dalgún xeito coas Administracións Públicas.


G.65. EVOLUCION DO INDICADOR

Uso da sinatura dixital



Fonte: OSIMGA

G.66. EMPREGO DE SINATURA DIXITAL




Base: % empresas TIC que usaron a sinatura dixital

Fonte: OSIMGA

A utilización da sinatura dixital é máis elevada en empresas adicadas ás Telecomunicacións cun 60,6%, mentres que nas manufactureiras TIC a porcentaxe redúcese ao 40%.

G.67. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O uso da sinatura dixital en empresas TIC de 10 ou máis asalariados/as (76%) é superior en 25,2 puntos porcentuais ao das microempresas.

G.68. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Non existen diferenzas significativas no uso da sinatura dixital segundo a ubicación das empresas TIC con sede en Galicia, sendo Pontevedra e Lugo as provincias onde se rexistra un maior uso.

G.69. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


III. 4. Páxina web

👉 O 76,2% das empresas TIC dispón de páxina web

O 76,2% das empresas dispón de páxina web, 2,5 puntos porcentuais menos que no ano 2015. Probablemente este factor está inversamente relacionado co incremento constante da presenza nas redes sociais, como veremos posteriormente.

G.70. EVOLUCIÓN DO INDICADOR Dispoñibilidade de páxina web

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O motivo principal polo que as empresas TIC non dispoñen de páxina web é a existencia doutras prioridades (45,2%)

G.71. MOTIVOS PARA NON DISPOÑER DE PÁXINA WEB

(% empresas TIC que non teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

As empresas Manufactureiras TIC cun 86,7% son as que presentan maior porcentaxe de páxina web, seguidas das Comerciais TIC (84%).

C.50. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

Dispoñibilidade de páxina web	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	86.7	84.0	75.8	74.8	65.6	76.2
Non	13.3	16.0	24.2	25.3	34.4	23.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A falta de páxina web, como se amosa de seguido, é un factor que afecta de modo exclusivo ás pequenas empresas, dado que mentras que todas as empresas de 10 ou máis traballadores / as dispoñen de páxina web, só o 74,7% das microempresas conta con este recurso.

C.51. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS / AS

Dispoñibilidade de páxina web	N° DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	74.7	100.0	76.2
Non	25.3		23.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC da provincia de Pontevedra dispoñen de páxina web nun 79,5%, cunha diferenza de 10,6 puntos coas empresas de Lugo.

C.52. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA

Dispoñibilidade de páxina web	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sí	74.8	68.9	75.6	79.5	90.0	76.2
Non	25.3	31.1	24.4	20.5	10.0	23.8


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Ademais, entre as empresas TIC que contan con web, as páxinas que cumpren normas de accesibilidade incrementáanse substancialmente respecto ao ano 2015, 8,2 puntos porcentuais, acadando o 48,2%.

G.72. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Páxina web con normas de accesibilidade

(% empresas TIC que teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

O idioma que predomina nas páxinas das empresas TIC galegas segue sendo o castelán cun 95,6%, situando o inglés como segunda lingua empregada cun 22,5%. O galego está presente no 13,8%.

G.73. IDIOMAS DISPONIBLES DOS CONTIDOS DA PÁXINA

(% empresas TIC que teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

III. 5. Redes sociais

- ☞ Aumenta a presenza nas redes sociais das empresas TIC galegas, acadando o 39,2%.
- ☞ As accións de marketing ou a captación de novos clientes son os dous motivos principais das empresas TIC galegas para estar presentes nas redes sociais.
- ☞ O 21,8% das empresas TIC que aínda non están nas redes sociais, ten previsto facelo proximamente.

Continúa o avance da presenza activa das empresas TIC nas redes sociais, acadando o 39,2%. Isto representa un incremento de 2,5 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, e case duplicando a súa presenza no período 2012-2016.

G.74. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.75. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Presenza activa nas redes sociais

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Nota: Indicador incluído, por primeira vez, na edición do ano 2012.

As accións de marketing, de difusión dos produtos de empresa, a mellora de posicionamento de marca (84,3%) ou a captación de novos clientes (77,5%) son os principais motivos polos que as empresas TIC galegas fan uso das redes sociais.

G.76. FINALIDADE DE USO DAS REDES SOCIAIS

(% empresas TIC que teñen unha presenza nas redes sociais)



Fonte: OSIMGA

En relación á actividade, prodúcese unha maior presenza nas redes sociais entre as empresas adicadas ás Actividades informáticas (41,1%) e ás Manufactureiras TIC (40%).

C.53. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Presenza nas redes sociais	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	40.0	37.3	33.3	41.1	34.4	39.2
Non	60.0	62.7	66.7	58.9	65.6	60.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Novamente, o tamaño amosa ser un aspecto que repercute directamente no indicador, cun 68% de empresas con 10 e máis asalariados/as que teñen presenza nas redes sociais, fronte ao 37,3% das microempresas.

C.54. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Presenza nas redes sociais	Nº DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	37.3	68.0	39.2
Non	62.7	32.0	60.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC galegas situadas na provincia de Lugo son as máis activas nas redes sociais.


C.55. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A PROVINCIA

Presenza nas redes sociais	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sí	37.3	48.9	32.5	38.4	72.7	39.2
Non	62.7	51.1	67.5	61.6	27.3	60.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Outro dato positivo relativo á incorporación das empresas TIC ás redes sociais é o aumento de empresas que teñen previsto empregar ás redes sociais proximamente, acadando un 21,8% fronte ao 13,5% da edición anterior.

G.77. PREVISIÓN DE INCORPORARSE AS REDES SOCIAIS




Base: empresas TIC que non teñen presenza nas redes sociais
Fonte: OSIMGA

G.78. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión de incorporase ás redes sociais

(% empresas TIC que non teñen presenza nas redes sociais)



Fonte: OSIMGA

IV. COMERCIO ELECTRÓNICO



- ☞ O 74,3% das empresas TIC galegas realizaron compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico.
- ☞ As vendas de bens ou servizos a través de comercio electrónico acadan o 30,2%, cun incremento de 2,9 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

IV. 1. Compras


☞ O 74,3% das empresas TIC galegas realizaron compras de bens ou servizos a través de comercio electrónico, cun aumento de 4 puntos porcentuais de crecemento no período 2012-2016.

☞ As compras mediante comercio electrónico representan o 43,5% do total de compras efectuadas polas empresas TIC galegas que compran a través da Rede.

O 74,3% das empresas TIC galegas realizaron compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico, manténdose en valores similares ao ano anterior.

G.79. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico
(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O sector de actividade inflúe notablemente nas compras efectuadas mediante comercio electrónico, cun importante peso nas empresas manufactureiras TIC.

G.80. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño da empresa, as diferenzas observadas tamén son acusadas, con 18,7 puntos porcentuais de diferenza entre as microempresas e as empresas de 10 e máis traballadores/as.

G.81. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Apenas se observan diferenzas significativas atendendo á provincia da sede da empresa.

G.82. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O motivo principal argumentado polas propias empresas TIC para non realizar compras a través do comercio electrónico é a percepción de que non tiveron necesidade, 72,1%, mentras que o 39% prefire a relación tradicional co provedor.

G.83. MOTIVOS PARA NON REALIZAR COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

(% empresas TIC que non realizaron compras a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

O peso das compras a través de Internet supón o 43,5% do total de compras que realizaron as empresas TIC galegas. Considerando o ámbito territorial, máis da metade, o 55,7%, procederon de España e un 22% en Galicia.

Peso das compras electrónicas sobre o total de compras das empresas TIC que mercan por Internet:
43,5%



C.56. DESGLOSE DE COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO


% de importe das compras realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
22.0	55,7	11.9	7.0

Base: empresas TIC que realizaron compras a través do comercio electrónico
Fonte: OSIMGA

G.84. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Desglose de compras a través do comercio electrónico

(% de importe das compras realizadas a través do comercio electrónico)




Fonte: OSIMGA

IV. 2. Vendas

- ☞ O 30,2% das empresas TIC vendeu bens ou servizos a través de comercio electrónico, representando un incremento de 2,9 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.
- ☞ O peso das vendas mediante comercio electrónico respecto ao volume de negocio das empresas TIC incrementábase sensiblemente, achégandose ata o 43,9% (fronte ao 38,2% do ano anterior).
- ☞ Galicia e o resto de España son os principais destinos das vendas a través da Rede das empresas TIC galegas. O 10% das vendas en liña realizáronse no estranxeiro

Por cuarto ano consecutivo, incrementábase a porcentaxe de empresas TIC galegas que venden a través de Internet, pasando dun 27,3% ao 30,2%, 2,9 puntos porcentuais máis que o ano anterior.

G.85. VENDAS DE BENS OU SERVIZOS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.86. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que venderon a través de Internet no último ano

(%empresas TIC)




Fonte: OSIMGA - INE

Entre as empresas TIC galegas que non venderon na Rede, a causa máis frecuente é a percepción de que os produtos ou servizos non son axeitados para a venda a través de Internet.

G.87. MOTIVOS PARA NON VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

(% empresas TIC que non venderon a través do comercio electrónico)




Fonte: OSIMGA

As dúas finalidades principais para xustificar a venda a través do comercio electrónico son: Prestar servizos persoalizados ao cliente (61,1%) e a captación de novos clientes (57%).


G.88. MOTIVOS PARA VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

(% empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

Entre as empresas TIC que venden por Internet, aumenta o peso das vendas sobre o volume de negocio da empresa respecto do último ano, pasando dun 38,2% a un 43,9%.



Galicia e o resto de España son os principais destinos das vendas a través da Rede das empresas TIC galegas. O 10% das vendas en liñas realizáronse no estranxeiro.

C.57. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO AREA XEOGRÁFICA


% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
43.7	36.6	5.4	4.6

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico no ano 2015
Fonte: OSIMGA

G.89. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Desglose de vendas a través do comercio electrónico segundo a area xeográfica

(% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

Os principais clientes das vendas realizadas a través do comercio electrónico son outras empresas, que supoñen o 58,9%, fronte ao 20,8% dos fogares ou particulares, e o 2,6% que ten como destinatario a Administración Pública.

C.58. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO TIPO DE CLIENTE

% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico		
Outras empresas	Administración Pública	Fogares
58.9	2.6	20.8

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico durante o ano 2015
Fonte: OSIMGA

V. FORMACIÓN E AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO TIC



- ☞ Un 28,9% das empresas TIC galegas formou aos seus traballadores/as en novas tecnoloxías da Información e Comunicación.
- ☞ As tecnoloxías e modelos de negocio baseados en Cloud Computing e a seguridade informática ou protección de datos, son as áreas con maior interese para formación de traballadores/as.


V. 1. Formación

- ☞ O 28,9% das empresas TIC galegas formou aos seus traballadores/as en novas tecnoloxías da Información e Comunicación.
- ☞ As tecnoloxías e modelos de negocio baseados en Cloud Computing é a área con maior interese para formación de traballadores/as, experimentando ademais un forte crecemento respecto ao ano anterior.

A formación en TIC é un obxectivo importante para as empresas TIC galegas, de xeito que o 28,9% delas facilitou formación específica aos seus traballadores durante o último ano, fronte ao 27,4% que o fixera no ano anterior.

As empresas manufactureiras TIC, xunto coas adicadas as Actividades informáticas son as que en maior medida facilitaron formación aos seus traballadores/as.

G.90. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE




Fonte: OSIMGA

As diferenzas entre a formación impartida polas empresas de 0 a 9 traballadores/as e as de maior tamaño é moi considerable, de forma que a porcentaxe de empresas grandes que forma aos seus traballadores duplica ao das empresas pequenas.

G.91. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Considerando a distribución territorial das empresas TIC, obsérvase que só un 17,5% das ubicadas en Ourense ofertaron formación fronte ao 37,8% das que teñen a súa sede na provincia de Lugo.

G.92. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES/AS DA EMPRESA O ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Entre as empresas TIC galegas que facilitaron formación en novas tecnoloxías ao seu persoal, o 71,7% dos traballadores/as da empresa tivo a oportunidade de acceder á actividade formativa desenvolvida.

O uso de ferramentas de e-learning amosa ter un crecente apoio como canle de formación para as empresas TIC galegas (38,7%). En termos xerais, a aposta pola formación vía electrónica é moi similar, independentemente do sector de actividade da empresa.

G.93. EMPREGO DE E-LEARNING COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Aínda que as diferenzas non son tan significativas como en relación a outros indicadores, novamente as empresas de maior volume de traballadores empregan máis o e-learning que as microempresas.

G.94. EMPREGO DE E-LEARNING COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Case dúas de cada tres empresas TIC galegas recoñecen interese en facilitar formación TIC aos seus traballadores/as, se ben a maioría non pode estimar o prazo no que desenvolvería esta formación.

G.95. INTERESE EN FACILITAR FORMACION EN TIC AOS / AS TRABALLADORES /AS



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As tecnoloxías e modelos de negocio baseados en Cloud computing e a seguridade informática ou protección de datos sitúanse en primeiro lugar en canto a áreas de formación TIC de maior interese, seguidas polo deseño asistido (CAD, CAM, CAE). Cabe sinalar a importante evolución do interese na formación en Tecnoloxías Cloud, que se incrementan en algo máis de oito puntos porcentuais respecto ao último estudo.

G.96. AREAS DE FORMACIÓN TIC DE INTERESE

(% empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC)




Fonte: OSIMGA

V. 2. Axudas para o desenvolvemento TIC

- ☞ O 4,9% das empresas TIC galegas obtiveron axudas para a incorporación das TIC nos últimos tres anos.


G.97. RECEPCIÓN DE AXUDAS EN RELACIÓN Á INCORPORACIÓN DAS TIC NOS ÚLTIMOS TRES ANOS



G.98. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Recepción de axudas en relación á incorporación das TIC nos últimos tres anos

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Nota: Indicador incluído, por primeira vez, na edición do ano 2014.

Con maior frecuencia, estas axudas oriéntanse cara á mellora competitiva da empresa, como o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos (47,9%), seguido da realización de actividades de innovación (40,8%).

C.60. FINALIDADE DA RECEPCIÓN DE AXUDAS PARA INCORPORAR TIC

FINALIDADE DAS AXUDAS	SI	NON
Para a implantación ou mellora da infraestrutura interna da empresa	40.0	60.0
Para a implantación de aplicacións informáticas a medida na empresa	26.4	73.6
Para a implantación de certificacións de modelos de xestión	11.7	88.3
Para o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos	47.9	52.1
Para realizar actividades de innovación	40.8	59.2
Para a contratación de persoal TIC	16.2	83.8
Para a formación técnica e promoción do sector TIC (Asistencia a foros ou cursos especializados,...)	6.1	93.9

Base: empresas TIC que recibiron axudas para incorporar TIC nos últimos tres anos

Fonte: OSIMGA

A Administración do Estado, xunto coa Administración Autonómica, son as dúas principais fontes de axudas ás empresas TIC galegas.

C.61. ADMINISTRACIÓN QUE PROPORCIONA AXUDAS PARA INCORPORAR TIC

ADMINISTRACIÓN QUE PROPOCIONOU AXUDAS	SI	NON
Administración local	17.5	82.5
Administración Autonómica	43.2	56.8
Administración do Estado	54.0	46.0
A Unión Europea	27.3	72.7

Base: empresas TIC que recibiron axudas para incorporar TIC nos últimos tres anos

Fonte: OSIMGA

VI. Conclusións

I. Caracterización do sector TIC

- ☞ A cifra de empresas galegas TIC durante o 2014 foi de 2.331, fronte ás 2.242 do ano 2013, o que supón un crecemento do 4% respecto ao ano anterior.
- ☞ Este crecemento no volume de empresas TIC prodúcese, especialmente, nas empresas máis pequenas. Así, o 83,5% das empresas TIC galegas ten un máximo de dous empregados/as, 79 empresas máis que o rexistrado o ano anterior neste segmento empresarial.
- ☞ Galicia segue a ocupar a quinta posición a nivel estatal respecto ao número de empresas do ao sector TIC.
- ☞ O 64,8% das empresas TIC galegas desenvolven actividades informáticas.
- ☞ Os datos de afiliacións á Seguridade Social en Galicia amosan un crecemento dos traballadores/as inscritos no sector TIC, cun total de 15.683 no ano 2015, o que supón un incremento do 8,9% no último ano. O 79,4% figuran inscritos no réxime xeral de cotización da Seguridade Social (12.446), e o 20,6% no réxime de traballadores/as autónomos/as (3.237).
- ☞ A proporción de emprego entre homes e mulleres continúa manténdose en dous homes por cada muller traballadora no sector TIC.
- ☞ Máis da metade dos traballadores/as das empresas TIC galegas, o 51,3%, desenvolve o seu traballo en empresas adicadas ás Actividades informáticas.
- ☞ O 37,7% do persoal das empresas TIC posúe algún tipo de titulación de grao superior ou medio relacionada coas TIC. Os empregados/as con ciclos formativos TIC superiores ou medios é dun 27,3%.
- ☞ O 48,7% das empresas TIC sinala que é difícil ou moi difícil contratar persoal con formación específica en TIC, especialmente pola carencia de candidatos/as coa formación precisa.

- ☞ O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego durante o ano 2014 superou os 1.015 millóns de euros, o 1,8% do PIB total de Galicia.
- ☞ O volume de negocio das empresas TIC superou os 2.453 millóns de euros no ano 2015, cun aumento do 2,4% con respecto ao ano 2014.
- ☞ Un 76,5% do volume de negocio corresponde a clientes galegos, un 17,8% a clientes do resto de España e un 5,7% a clientes internacionais.
- ☞ Durante o 2016, o 9,1% das empresas TIC galegas dispoñía dalgún tipo de certificación de calidade, tipo ISO 9001, CMMI o similares.

II. Innovación empresarial

- ☞ O 25,9% das empresas TIC galegas desenvolveu actividades relacionadas con I+D+i no período 2013-2015.
- ☞ Tres de cada catro empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i obtivo resultados comercializables.
- ☞ No período 2013-2015 un 27,3% das empresas TIC introduciu innovacións nos seus bens e un 33% incorporou servizos novos ou mellorados durante este período.
- ☞ As actividades de apoio para os procesos das propias empresas, como sistemas de mantemento ou operacións informáticas son as principais innovacións das empresas TIC en Galicia.
- ☞ O 18,7% das empresas galegas desenvolveu algún tipo de colaboración ou cooperación con outras empresas. As colaboracións producíronse, principalmente, con empresas do resto de España.

III. Cara unha Internet ultrarrápida e a madurez tecnolóxica

- ☞ A Banda larga móbil UMTS xa ocupa un lugar privilexiado como tecnoloxía principal de acceso, chegando a un 42,7% das empresas TIC galegas. Non obstante, o dato máis salientable é que se duplicou a porcentaxe de empresas TIC conectadas a Internet a través de fibra óptica.
- ☞ A velocidade de conexión increméntase considerablemente respecto do último ano,

aumentando a porcentaxe de empresas TIC que teñen contratadas velocidades superiores a 100 Mbps, dun 30,7% a un 38,3%.

- ☞ Aumenta a interacción das empresas TIC coas Administracións Públicas a través da Rede, pasando dun 61,7% no ano anterior a un 67,9% nesta edición.
- ☞ Continúa o aumento da sinatura dixital (52,3%), 1,2 puntos máis que o ano anterior, especialmente para relacionarse dalgún xeito coas Administracións Públicas
- ☞ O 30,7% das empresas TIC galegas emprega o teletraballo, 3,8 puntos porcentuais máis que o ano anterior.
- ☞ As ferramentas informáticas para a xestión de clientes e provedores continúan sendo as máis empregadas entre as empresas TIC galegas, pasando dun 70,1% no ano 2015 a un 71,2% no ano 2016.
- ☞ O 30,6% das empresas TIC galegas realiza intercambio de datos de forma electrónica e automatizada, a maioría referidas ao envío de instrucións de pago a entidades bancarias.
- ☞ Continúan a incrementarse os envíos de facturas electrónicas, acadando o 36,4%. Supón un incremento de 3,7 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.
- ☞ Aumenta a dispoñibilidade de aplicacións ERP ata o 25,7%, mentras que o 24,6% das empresas TIC galegas fan uso de ferramentas CRM.
- ☞ O 76,2% das empresas dispón de páxina web, 2,5 puntos porcentuais menos que no ano 2015. Probablemente este factor está inversamente relacionado inversamente co incremento constante da presenza nas redes sociais

IV. Cloud Computing, redes sociais e software para aplicacións móbiles

- ☞ Medra o emprego de servizos baseados en tecnoloxías Cloud ata o 42,2%, representando un incremento de 2,6 puntos porcentuais no último ano, especialmente o

Software como Servizo (SaaS), tales como Google Apps Bussiness, Office 365, Salesforce.com, Dropbox, etc. Tamén aumenta a porcentaxe de empresas TIC con Cloud Computing que oferta servizos baseados nesta tecnoloxía.

- ☞ Aumenta a presenza nas redes sociais das empresas TIC galegas, acadando o 39,2%. As accións de marketing ou a captación de novos clientes son os dous motivos principais das empresas TIC galegas para estar presentes nas redes sociais.
- ☞ O 21,8% das empresas TIC que aínda non están nas redes sociais, ten previsto facelo proximamente.
- ☞ O 17,3%% das empresas TIC galegas encargou algún desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles.
- ☞ Un 28% das empresas TIC ofrecen desenvolvementos específicos de software para plataformas móbiles, 2,8 puntos máis que no ano anterior, o que representa un 19,1% da súa cifra de negocio.

V. Comercio electrónico e Formación

- ☞ O 74,3% das empresas TIC galegas realizaron compras de bens ou servizos a través de comercio electrónico, cun crecemento de 4 puntos porcentuais no período 2012-2016.
- ☞ As compras mediante comercio electrónico representan o 43,5% do total de compras efectuadas polas empresas TIC galegas que compran a través da Rede.
- ☞ O 30,2% das empresas TIC vendeu bens ou servizos a través de comercio electrónico, representando un incremento de 2,9 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.
- ☞ O peso das vendas mediante comercio electrónico respecto ao volume de negocio das empresas TIC increméntase sensiblemente, achégandose ata o 43,9% (fronte ao 38,2% do ano anterior).

- ☞ Galicia e o resto de España son os principais destinos das vendas a través da Rede das empresas TIC galegas. O 10% das vendas en liña realizáronse no estranxeiro
- ☞ O 28,9% das empresas TIC galegas formou aos seus traballadores/as en novas tecnoloxías da Información e Comunicación.
- ☞ As tecnoloxías e modelos de negocio baseados en Cloud Computing é a área con maior interese para formación de traballadores/as, experimentando ademáis un forte crecemento respecto ao ano anterior.

ANEXO:

AGRUPACIÓN CNAES DO SECTOR TIC

A efectos estatísticos, a definición de sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a Oficina europea de estatística (Eurostat), a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía.

A partir do ano 2009, os indicadores sobre a Sociedade da Información de Galicia nas empresas TIC baséanse nesta definición establecida en termos da ISIC Rev.4, NACE Rev.2 e CNAE-2009. Na seguinte táboa relaciónanse o listado de actividades que conforman o sector TIC.

Definición do sector TIC POSTERIOR AO 1 DE XANEIRO DE 2009

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS TIC		
2610	26.11	Fabricación de compoñentes electrónicas
	26.12	Fabricación de placas electrónicas cargadas
2620	26.20	Fabricación de ordenadores e equipo periférico
2630	26.30	Fabricación de equipos de comunicacións
2640	26.40	Fabricación de aparatos de consumo electrónico
2680	26.80	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC		
4651	46.51	Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos

Diagnóstico 2016. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

4652	46.52	Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións
INDUSTRIAS DE SERVIZOS TIC		
ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC		
5820	58.21	Industria editorial de xogos de ordenador
	58.29	Outros tipos de edición de programas informáticos
TELECOMUNICACIÓNS		
6110	61.10	Actividades de telecomunicacións por cable
6120	61.20	Actividades de telecomunicacións sen fíos
6130	61.30	Actividades de telecomunicacións por satélite
6190	61.90	Outras actividades de telecomunicación
ACTIVIDADES DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN		
6201	62.01	Actividades de programación informática
6202	62.02	Actividades de consulta de tecnoloxía da información
	62.03	Actividades de dirección de instalacións de ordenador
6209	62.09	Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES RELACIONADAS		
6311	63.11	Procesamento de datos, aloxamento (<i>hosting</i>) e actividades relacionadas
6312	63.12	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS DE COMUNICACIÓN		
9511	95.11	Reparación de ordenadores e equipo periférico
9512	95.12	Reparación de equipos de comunicación

